

**Irixoa
Merece
Máis!**

**Coirós
Merece
Máis!**



**Miño
Merece
Máis!**



**Abegondo
Merece
Máis!**

**Betanzos
Merece
Máis!**

**Paderne
Merece
Máis!**

PROGRAMA COMARCAL PARA AS MUNICIPAIS 2023

AS MARIÑAS

MERECE

MÁIS!



**Aranga
Merece
Máis!**

**Oza-Cesuras
Merece
Máis!**

**Bergondo
Merece
Máis!**



CANDIDATAS Á ALCALDÍA DO BNG AS MARIÑAS



**Alberte G. Nicolás
Miño**



**Sergio Boado
Irixoa**



**Patricia Cordo
Aranga**



**Estefanía Busto
Oza-Cesuras**



**Manel Pérez
Paderne**



**Amelia Sánchez
Betanzos**



**Pura Ferreño
Coirós**



**David Carro
Bergondo**



**Blan García Roel
Abegondo**





Merecemos unha comarca viva e interrelacionada

Para o BNG as comarcas son instrumentos básicos para contribuír á vertebración territorial do país. As comarcas representan o noso modelo, o máis acaído á nosa realidade. A comarcalización dos servizos é imprescindible se queremos conseguir un desenvolvemento equilibrado do territorio.

Poucas comarcas naturais hai tan marcadas no noso país como a de Betanzos, onde a cabeceira comarcal empresta servizos a todos os veciños e veciñas da bisbarra e estes contribúen tamén a dinamizar o comercio e a vida da cabeceira comarcal. Mais desde o BNG pensamos que **Betanzos** non está a asumir o seu papel como cabeceira comarcal deixando por articular a súa zona de influencia natural, o que repercute na calidade de vida da xente. Betanzos abandonou a súa comarca natural As Mariñas, **ten que recuperar o seu papel de cabeceira comarcal e tomar a iniciativa na posta en común de servizos e políticas públicas cos concellos da súa comarca**. Aranga, Abegondo, Bergondo, Coirós, Irixoa, Miño, Oza-Cesuras e Paderne, ademais de Betanzos, centrarán estas propostas comarcais que se poderían estender a outros concellos do noso partido xudicial.

Diante do debate provocado polo PP sobre a fusión de concellos, que como estamos comprobando non é solución nin aos problemas económicos nin demográficos, entendemos que a solución aos problemas económicos dos concellos pasa pola reforma do sistema de financiamento local garantindo fondos suficientes para asumir os servizos que emprestan, por si mesmos ou de forma mancomunada, o que permite menores custos e achegar os servizos a máis persoas.

Desde o BNG propomos a **creación dunha mancomunidad cos concellos das Mariñas** contribuindo a racionalizar o gasto, mellorar a calidade de vida e estender os servizos públicos ao conxunto da cidadanía. Esta medida é, ademais, un paso importante cara a eficiencia no gasto público.

Paderne
Merece
Máis!



- Planificación de servizos comarcais como o conservatorio de música ou a piscina para compartir gasto e uso entre varios concellos.
- Solicitar da Xunta unha sección da **Escola Oficial de Idiomas (EOI)** en inglés e galego para Betanzos, que dea servizo aos concellos da nosa comarca.
- Asunción das competencias dos servizos de emerxencias así como a prevención de incendios.
- Reclamar da Xunta prazas **centro de día e xeriátrico público** que dean servizo aos concellos da comarca.
- Esixir á Xunta de Galiza uns **servizos sanitarios e educativos de calidade**. Garantir a cobertura das baixas e vacacións do centro de especialidades de Betanzos, nos PAC e nos centros educativos.
- Comarcalización dos cursos de formación e plans de emprego así como dos talleres e cursos de formación ocupacional.
- **Coordinación dos planeamentos urbanísticos** no referido a usos residenciais, industriais e dotacionais ou de servizos. É necesaria unha ordenación básica do territorio na comarca.
- **Transporte público**. Creación dunha rede de transporte público que articule a nosa comarca entre si e coas cidades da Coruña e Ferrol, cunhas frecuencias e horarios adecuados. Demandar da Xunta un transporte nocturno para a mocidade. Demandar do Estado un tren de proximidade de calidade, cunhas frecuencias acaídas e un prezo asequíbel.
- **Centro de atención á igualdade comarcal** no convento das Donas en Betanzos. Solicitar á Xunta un Centro de Orientación Familiar (COF) e un Centro de Información á muller (CIM) comarcais. Técnicas de igualdade dentro deste complexo que dean servizo a todos os concellos da comarca.
- Esixir que a Xunta garanta unha conexión a internet, servizo telefónico e potencia eléctrica acaída en todos os concellos e parroquias da comarca. Negociar con empresas locais (como Grelo) para estender a fibra en toda a comarca.
- Avanzarmos na **prevención e tratamento da violencia de xénero**. Posta en marcha de medidas conxuntas de concienciación social e de formación de profesionais dos servizos sociais e sanitarios. Petición dun **xulgado específico** para violencia de xénero en Betanzos.

**Bergondo
Merece
Máis!**



Merecemos unha comarca dinámica

Na actualidade a actividade económica da nosa comarca está centrada fundamentalmente no turismo e na hostalería e na produción forestal a través do monocultivo de eucalipto. Mais, na nosa comarca hai diferentes **produtos autoctónos de moi boa calidade** como as variedades autóctonas de tomate -o máis coñecido o tomate negro de Santiago, mais tamén outras como a taller de Lubre, Avoa de Osedo, José Luis de Betanzos, o célebre repolo de Betanzos, as cebolas chatas de Miño ou a variedade de trigo de Callobre, que dificilmente encontran oco para a distribución nas grandes áreas comerciais.

Mención aparte merece o viño, cunha IXP que abrangue practicamente toda a comarca e un cultivo con variedades únicas- branco lexítimo, agudelo- que ademais moldea a paisaxe e se traslada á cultura popular.

Desde o BNG defendemos **apostar decididamente por estes produtos e a súa posta en valor como medio para dinamizar o rural e fixar poboación.**

Prodúcense tamén nas Mariñas elaborados de moi alta calidade que pensamos que é prioritario por en valor. É importantísimo dar a coñecer estes produtos e cooperar cos produtores para buscar vías de colaboración.

A confraría de Miño, a única que queda na comarca de actividade extractiva na Ría de Betanzos.

Abegondo
Merece
Máis!



- **Organización de feiras de produtos ecolóxicos e de proximidade**, establecendo convenios para que os produtores locais poidan vender os seus produtos aos comedores escolares e demais eventos organizados polos concellos.
- Creación dun **centro de transformación agropecuaria** no antigo edificio do Ligal en Bergondo e un **matadoiro comarcal autoxestionado**.
- Medidas para **potenciar a ocupación dos polígonos industriais** de Piadela, Coirós e Vidreiro, entre Miño e Pontedeume. Deseño comarcal do solo industrial.
- Colaboración coas pequenas empresas produtoras da nosa comarca para popularizar estes produtos e o seu consumo (produtos de panadería, conservas de horta...).
- Aposta polo **cultivo de especies autóctonas** (variedades tradicionais de horta e cereais...) e **cultivos tradicionais** da comarca como o lúpulo.
- Apoio á IXP Viño da Terra de Betanzos, tanto a nivel material e promocional, con medidas transversais creadoras de sinerxias con outros actores da comarca (a nivel de produción, creación artística, ...) como na protección de solo apto para o cultivo.
- **Apoio á confraría de Miño.**
- Aposta decidida por unha **ordenación multifuncional do noso monte**.
- **Aposta polos montes veciñais en man común** e colaboración coas comunidades de montes da nosa comarca.
- **Programas de colaboración co pequeno comercio** da comarca para fomentar o consumo no pequeno comercio, de produtos de proximidade e etiquetaxe en galego.

**Irixoa
Merece
Máis!**



Merecemos unha comarca máis ecolóxica

A **Ría de Betanzos e a conca do río Mandeo** son o sinal de identidade que articula toda a nosa comarca. Malia que a ría de Betanzos é rede natura 2000, os vertidos, tanto das redes de saneamento como industriais seguen a producirse continuamente sen ningunha consecuencia. As analíticas realizadas mostran que a calidade da auga non é óptima, mentres os investimentos en saneamento e rexeneración levan anos retrasándose.

Na Ría de Betanzos existe actividade extractiva de marisqueo a través da confraría de Miño e entre as zonas de marisqueo da confraría existen unha zona C e outra estacional, pola mala calidade da auga constatada sobre todo na presenza de bacterias fecais.

A información que se traslada á veciñanza sobre a situación do saneamento e os resultados das analíticas realizadas é bastante deficiente. En ningunha das páxinas web dos concellos da Ría se pode atopar información sobre a situación da rede de saneamento ou os vertidos detectados. As analíticas mensuais que realiza a Xunta sobre a calidade das augas tampouco se fan públicas nas webs dos concellos nin están visíbeis en moitas das praias durante o verán, e limítanse a por un cartaz onde se indica a insuficiente calidade da auga sen maior información sobre as causas ou as consecuencias do baño.

A situación de contaminación e degradación medioambiental na Ría de Betanzos produce graves prexuízos para toda a veciñanza da comarca, ademais de impedir o desenvolvemento do potencial de actividade marisqueira xeradora de emprego.

**Betanzos
Merece
Máis!**



- Instar á Xunta a elaborar un **informe sobre a calidade da auga, a situación do saneamento e os puntos de vertidos** da Ría de Betanzos. Cronograma das actuacións previstas para solucionar estas deficiencias.
- Creación a **Mesa da Ría de Betanzos** na que estean representados colectivos representantes dos concellos e dos diferentes grupos políticos, así como técnicos de medio ambiente. Nesta Mesa faríase un seguimento da calidade da auga, dos vertidos e do cronograma acordado para subsanar as deficiencias.
- Garantir a información á veciñanza sobre a calidade da auga a través das páxinas web dos concellos e nos areas con carteis informativos.
- **Actuar de forma contundente desde os concellos contra os vertidos** que se producen aos nosos ríos e que afectan á Ría. Denunciar á Xunta de Galiza e ao Seprona e facer un seguimento das denuncias así como informar publicamente das consecuencias para concienciar sobre os delitos ambientais.
- **Proxecto Integral de Saneamento** da Ría. Reclamar da Xunta a construción unha depuradora nos concellos que actualmente carecen de depuración como é o caso de Paderne.
- Esixir do Estado un **Plan de Rexeneración Medioambiental** da Ría de Betanzos
- Colaboración coa confraría de Miño. **Recuperación dos bancos marisqueiros.**
- Elaboración dun plan para a **loita contra especies invasoras** e dotación orzamentaria.
- Actividades de concienciación e educativas sobre os prexuízos do monocultivo de eucalipto, tan estendido na nosa comarca, e aplicación das medidas legais aprobadas para garantir a distancia ás vivendas, estradas e núcleos de poboación.
- Tramitación de **ENIL** para zonas naturais na nosa comarca como as Brañas do Deo ou as Marismas do Baxoi. Esixir da Xunta a **ampliación da Rede Natura** e que inclúa estas zonas naturais.
- Instar á Xunta a aprobar un plan de **recuperación de humidais e brañas** da comarca, como as Brañas do Deo, Marismas do Baxoi ou Brañas do rego Manteiga (Abegondo).
- Esixir á Xunta que retire a autorización ao macro-parque eólico do **Monte do Gato**. Moratoria efectiva á instalación de novos parques eólicos na comarca mentres non exista un estudo das necesidades de produción de enerxía no noso País e un cambio de modelo de autorización administrativa a concurso.
- Apoio e colaboración coas asociacións e plataformas ecoloxistas e conservacionistas da comarca.

Oza-Cesuras
**Merece
Máis!**



- **Alternativa comarcal ao tratamento de residuos.** Na actualidade Bergondo, Betanzos e Abegondo son parte do Consorcio das Mariñas e tratan o lixo en Nostian e o resto de concellos en SOGAMA.
 - Elaboración dun programa de **prevención de residuos** para diminuír a xeración de residuos, incentivando a reutilización e a reciclaxe e con medidas de redución do desperdicio alimentario, redución de plásticos...
 - Fomento da **compostaxe local** mediante a compostaxe doméstica e comunitaria sempre que sexa posíbel. Nas zonas de máis densidade urbana nas que non sexa posíbel a compostaxe comunitaria pode optarse pola recollida porta a porta ou en colector, para o traslado a unha planta de compostaxe comarcal.
 - Fomentar **obradoiros e proxectos relacionados coa reutilización e a reciclaxe**, por medio de asociacións sen ánimo de lucro, cooperativas...
 - Establecer **sistemas de recollida** de aceites usados, roupa e mobles e enseres, dando preferencia a empresas de economía social e centros especiais de emprego,,
 - Apertura dun **punto limpo supramunicipal** que daría servizo a varios concellos da comarca que agora carecen deste servizo como Coirós, Irixoa ou Aranga.

Aranga
Merece
Máis!



Merecemos unha lingua máis viva

A **normalización da nosa lingua** é un obxectivo preferente, transversal e central dentro do programa do BNG. Actualmente as subvencións da Deputación para servizos de normalización lingüística diríxense a concellos de máis de 5000 habitantes ou agrupacións de concellos que sobreparen os 5000 habitantes. Na nosa comarca só Betanzos, Miño, Abegondo conxuntamente con Coirós, teñen esta axuda para servizos de normalización. Concellos como Irixoa, Paderne, Aranga ou Oza-Cesuras -que sobrepara os 5000 habitantes despois da fusión- carecen deste servizo.

- Normalización da lingua con **programas comarcais**.
- **Servizo comarcal de normalización lingüística** para que todos os concellos poidan ter programas de normalización do uso do noso idioma.
- Aprobación de **ordenanzas de uso da lingua** nos concellos e garantir o seu cumprimento naqueles que xa as teñan aprobadas.

Coirós
Merece
Máis!



Merecemos un patrimonio valorado e coidado

A comarca das Mariñas ten un **enorme patrimonio**, na maioría dos casos descoñecido e totalmente abandonado. Castros, mámoas, monumentos megalíticos, capelas, pazos, conventos, muíños... Betanzos e a súa comarca teñen un patrimonio inmenso de todo tipo e a súa posta en valor debería ser un dos motores que permitiran establecer poboación e crear emprego. Ademais o Camiño Inglés atravesa parte da nosa comarca (Miño, Paderne, Betanzos, Abegondo) é moi importante a posta en valor e o coidado dos elementos patriomoniais á beira do Camiño Inglés, como **fonte de riqueza e turismo para As Mariñas**.

As nosas **festas, músicas e bailes tradicionais** constitúen un enorme patrimonio cultural, practicamente desatendido polos concellos. As festas de entroido tradicionais, as danzas gremiais, a tradición da Coca en Betanzos, as romarías tradicionais da comarca, os alborotados, son moitas as tradicións da nosa comarca que non contan coa atención das administracións que apostan por fomentar e subvencionar festas que veñen de fora en lugar das nosas propias, que no mellor dos casos, sobreviven polo enorme esforzo e traballo da veciñanza con ningún ou moi pouco apoio. Ademais poderían ser unha fonte de visitantes e riqueza.

Moitos dos concellos máis pequenos da comarca carecen duns servizos culturais como tal, bibliotecas para adultos, infantís, actividades de animación á lectura, teatro, cine, actividades musicais... e mesmo carecen de infraestruturas para poder levalos a cabo. Desde o BNG defendemos a **comarcalización destes servizos culturais**.

- Fomento e coordinación do **asociacionismo cultural comarcal**, planificación conxunta de novos equipamentos e da súa actividade. Dinamización cultural.
- **Catalogación, posta en valor e coñecemento** do patrimonio dos concellos, inseríndoos na historia do País e no seu contexto.
- Creación dun **parque arqueolóxico no Monte do Gato** (entre os concellos de Coirós e Oza e Cesuras), poñendo en valor o conxunto de mámoas, petróglifos e castelo suevo e conectándoo con outras estacións rupestres e megalíticas da comarca coma a Pena Furada, en Coirós, o conxunto de mámoas e pedrafita de San Antón, Irixoa, ou as pegadas de Roldán en Aranga, entre outros.
- Posta en valor de festas, bailes e músicas tradicionais da comarca, contextualizándoos na cultura do País.
- Plan de necesidades de infraestruturas culturais comarcais
- Coordinar as diferentes **escolas musicais** que poida haber nos Concellos para promover e recuperar a música tradicional do País.
- Promover xunto coas institucións educativas programas para promover o **coñecemento e formación** das fortalezas naturais, paisaxísticas, históricas e patrimoniais da comarca

Miño
Merece
Máis!